



Ave **M**aría
chea de gracia,
o Señor está contigo,
bendita es ti
entre tódalas mulleres
e bendito é o froito
das túas entrañas, Xesús.

Santa **M**aría
Nai de Deus,
roga por nós, pecadores,
agora e na hora
da nosa morte. Amén.

MARÍA

4.2

A MULLER QUE DIXO "SI" A DEUS




Remata e colorea este debuxo e atoparaste coa muller

máis querida por Deus

que tamén che quere

moito a ti, a Virxe María,

nosa Naiciña do Ceo.



GRACIAS, NAI

POR DICIRLLE

A DEUS

QUE SI

EN TODO MOMENTO MARÍA RESPONDE "SI".

Cada palabra da esquerda expresa un momento moi importante da vida de María e correspóndelle unha frase da dereita que nos di cal foi a súa actitude nese momento. Une cada palabra coa frase correspondente por medio dunha frecha.

ANUNCIACIÓN

disposta para axudar

VISITACIÓN

confianza por riba de todo

NACEMENTO

acollida de Xesús pretoño do corazón

PAIXÓN

aceptación de ser nai

PARA RECORDAR

* ¿QUEN É A VIRXE MARÍA?

A Virxe María é a Nai de Xesús, noso Señor e noso Deus.

É modelo de cristiá perfecta e de membro vivo da Igrexa.

Tamén é nosa Nai, porque Xesús nola deu.

Como nai quere e axuda a tódolos homes e pide por nós a Xesús.